

## I. DISPOSICIÓNS XERAIS

### MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

- 1132** *Real decreto 42/2021, do 26 de xaneiro, polo que se modifica o Real decreto 1440/1999, do 10 de setembro, polo que se regula o exercicio da pesca con artes de arrastre de fondo no caladoiro nacional do Mediterráneo.*

O Regulamento (UE) n.º 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, para alcanzar os obxectivos de explotación sustentable, establece na súa parte III, entre outras cuestións, os tipos de medidas de conservación aplicables e os principios, obxectivos e contido dos plans plurianuais que se regulen.

O Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo e polo que se modifica o Regulamento (CEE) n.º 2847/93 e se derroga o Regulamento (CE) n.º 1626/94, establece, no seu artigo 19, que os Estados membros aprobarán plans de xestión plurianuais nas súas augas territoriais para determinadas poboacións pesqueiras.

O plan aprobado por España encóntrase establecido mediante a Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, pola que se establece un Plan de xestión integral para a conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo afectados polas pesqueiras realizadas con redes de cerco, redes de arrastre e artes fixas e menores, para o período 2013-2017.

Este plan foi prorrogado en tres ocasións a través das ordes APM/1322/2017, do 29 de decembro, pola que se prorroga a vixencia da Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, pola que se establece un Plan de xestión integral para a conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo afectados polas pesqueiras realizadas con redes de cerco, redes de arrastre e artes fixas e menores, para o período 2013-2017; APA/1206/2018, do 14 de novembro, pola que se prorroga a vixencia da Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, pola que se establece un Plan de xestión integral para a conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo afectados polas pesqueiras realizadas con redes de cerco, redes de arrastre e artes fixas e menores, para o período 2013-2017, e APA/1254/2019, do 20 de decembro, pola que se prórroga a vixencia da Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, pola que se establece un Plan de xestión integral para a conservación dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo afectados polas pesqueiras realizadas con redes de cerco, redes de arrastre e artes fixas e menores, para o período 2013-2017.

A Lei 3/2001, do 26 de marzo, de pesca marítima do Estado, establece entre os seus fins os de velar pola explotación equilibrada e responsable dos recursos pesqueiros, adaptando o esforzo da frota á situación destes.

Así mesmo, a referida lei establece, no seu artigo 10, que o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación poderá establecer as características técnicas e condicións de emprego das artes de pesca autorizadas para as distintas modalidades de pesca.

O Real decreto 1440/1999, do 10 de setembro, polo que se regula o exercicio da pesca con artes de arrastre de fondo no caladoiro nacional do Mediterráneo, regula o exercicio da pesca coa arte de «arrastre de fondo» nas augas exteriores do dito caladoiro e, no seu artigo 13, establece as prácticas non permitidas aos buques que operan baixo o amparo desta norma.

Mediante o Regulamento (UE) 2019/1022 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de xuño de 2019, polo que se establece un plan plurianual para a pesca demersal no Mediterráneo occidental e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 508/2014, dáse

contido e resposta ao disposto nos artigos 9 e 10 do Regulamento (UE) 1380/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 11 de decembro de 2013, sobre a política pesqueira común, polo que se modifican os regulamentos (CE) n.º 1954/2003 e (CE) n.º 1224/2009 do Consello, e se derrogan os regulamentos (CE) n.º 2371/2002 e (CE) n.º 639/2004 do Consello e a Decisión 2004/585/CE do Consello, fíxase un novo modelo para a xestión integral dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo, e establécese, entre outras medidas, unha redución do esforzo pesqueiro na modalidade de pesca de arrastre de fondo supeditada á evolución da situación das poboacións con obxecto de lograr a mortalidade por pesca adecuada ao rendemento máximo sustentable co obxectivo posto en 2025.

A Orde APA/423/2020, do 18 de maio, pola que se establece un plan de xestión para a conservación dos recursos pesqueiros demersais no mar Mediterráneo, adapta os novos requisitos e medidas técnicas establecidas no citado regulamento e pon en marcha un plan que afecta a frota de arrastre española que pesca no Mediterráneo Occidental.

Até a publicación da dita orde, a Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, fora a norma para cumprir co establecido no artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006.

Coa nova prórroga para 2021 do dito plan, mediante a Orde APA/1211/2020, do 10 de decembro, pola que se prorroga para a modalidade de cerco e artes fixas e menores a Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, pola que se establece un Plan de xestión integral para a conservación dos recursos pesqueiros no Mediterráneo afectados polas pesqueiras realizadas con redes de cerco, redes de arrastre e artes fixas e menores, para o período 2013-2017, en espera dunha regulación actualizada das pesqueiras de cerco que a veña substituír, optouse por limitar esa vixencia adicional á regulación que a orde de 2012 contiña para artes fixas e menores e cerco. En consecuencia, encóntranse vixentes todas as limitacións de artes de pesca do anterior plan salvo para a arte de arrastre, que figuraba no artigo 10 da Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro, e que non foi incluída na dita prórroga, polo que cómpre conservar a dita regulación agora no Real decreto 1440/1999, do 10 de setembro, polo que se regula o exercicio da pesca con artes de arrastre de fondo no caladoiro nacional do Mediterráneo.

Co fin de garantir un correcto despregamento das medidas necesarias para a óptima xestión dos recursos, considérase necesario incorporar unha parte concreta de tal regulación –a prohibición do «tren de bólos» para a modalidade de arrastre de fondo regulado no artigo 10 da Orde AAA/2808/2012, do 21 de decembro– ao Real decreto 1440/1999, do 10 de setembro, polo que se regula o exercicio da pesca con artes de arrastre de fondo no caladoiro nacional do Mediterráneo, de modo que se integre nun só corpo normativo a totalidade das disposicións reguladoras do arrastre no Mediterráneo.

Esta norma adecúase aos principios de boa regulación a que se refire o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. Neste sentido, garántense os principios de necesidade e eficacia, posto que a norma resulta o instrumento máis indicado para os intereses que se perseguen, e o principal deles é a regulación do esforzo pesqueiro nas pesqueiras de arrastre nas áreas de pesca delimitadas nesta norma; o principio de proporcionalidade, xa que contén a regulación imprescindible para atender as necesidades que se pretenden cubrir, e o principio de seguridade xurídica, xa que é coherente co resto do ordenamento xurídico nacional e da Unión Europea, ao asegurar a súa correcta incardinación e cohesión co resto da regulación existente na materia, o que, pola súa vez, permite cumprir coas obrigacións adquiridas polo Reino de España «ad extra». Polo demais, a norma é coherente cos principios de eficiencia, xa que asegura a máxima eficacia dos seus postulados cos menores custos posibles inherentes á súa aplicación, e de transparencia, ao garantirse unha ampla participación na súa elaboración.

O presente real decreto dítase en virtude do artigo 31 da Lei 3/2001, do 26 de marzo, e ao abeiro do establecido no artigo 149.1.19.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado competencia exclusiva en materia de pesca marítima.

Na súa tramitación solicitouse informe do Instituto Español de Oceanografía. Así mesmo, efectuouse o trámite de consulta ás comunidades autónomas con litoral no mar Mediterráneo e ao sector pesqueiro afectado.

Efectuouse o trámite de comunicación á Comisión Europea previsto nos números 2 e 7 do artigo 19 do Regulamento (CE) n.º 1967/2006 do Consello, do 21 de decembro de 2006, relativo ás medidas de xestión para a explotación sustentable dos recursos pesqueiros no mar Mediterráneo.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de xaneiro de 2021,

DISPOÑO:

**Artigo único.** *Modificación de Real decreto 1440/1999, do 10 de setembro, polo que se regula o exercicio da pesca con artes de arrastre de fondo no caladoiro nacional do Mediterráneo.*

Introdúcese a seguinte letra f) no artigo 13 do Real decreto 1440/1999, do 10 de setembro, polo que se regula o exercicio da pesca con artes de arrastre de fondo no caladoiro nacional do Mediterráneo.

«f) A utilización e tenza a bordo de artes de arrastre dotadas do sistema coñecido como «tren de bólos» e similares, entendendo por tales aqueles que conteñen un dispositivo situado na parte inferior da rede composto por discos, cilindros ou esferas, en forma de roda, deseñados para o seu emprego en fondos rochosos e arrecifes; ou calquera outro mecanismo engadido á relinga inferior ou burlón, de forma que esta nunca supere os 65 milímetros de diámetro ou os 220 milímetros de circunferencia.»

**Disposición derradeira única.** *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de xaneiro de 2021.

FELIPE R.

O ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación,  
LUIS PLANAS PUCHADES